

SERVIZOS  
CENTRAIS

XERENCIA MUNICIPAL DE  
URBANISMO

CONCELLO  
DE VIGO



Expediente 16866/407

## **INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO PARA O ANO 2025**

De acordo co preceptuado no artigo 168 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo) e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, ao Orzamento do Organismo Autónomo unirásele, entre outra documentación, un informe económico-financieiro no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos, para atender ao cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos, e en consecuencia a efectiva nivelación do Orzamento.

-I-

### **ORZAMENTO DE GASTOS**

O Estado de Gastos contén as consignacións orzamentarias necesarias para atender todas as obrigas contraídas por este organismo e acada un importe total para o ano 2025 de 12.174.969,64 euros, un 6,70% superior ao de 2024. A análise do Orzamento de Gastos realízase tendo en conta os distintos capítulos orzamentarios.

#### **Capítulo I. Gastos de persoal**

Neste capítulo figuran as retribucións e o custo de seguridade social do persoal directivo e do persoal propio da Xerencia Municipal de Urbanismo. Asemade inclúese a dotación para contratos laborais temporais, produtividade, seguridade social, formación e fondo social. A súa porcentaxe nos gastos totais é do 53,84%.

O incremento previsto do capítulo 1º de gastos de persoal, respecto deste exercicio 2024, é do 2,09%. Dito incremento débese, con carácter xeral, á previsión de subida retributiva, pero tamén á actualización das partidas de antigüidade.

De resultar que unha norma aprobada con posterioridade recollese unha actualización non prevista neste orzamento, o capítulo I dispón de vacantes para facer axustes con cargo ás mesmas, dotando os postos ocupados coa porcentaxe que correspondese á actualización.

#### **Capítulo II. Gastos de bens correntes e servizos**

Incrementábase considerablemente a consignación para asistencias técnicas que en colaboración cos equipos municipais permitan o desenvolvemento urbanístico novo Plan Xeral de Ordenación Municipal. Tamén soben as previsións para os proxectos de

SERVIZOS  
CENTRAIS

XERENCIA MUNICIPAL DE  
URBANISMO

CONCELLO  
DE VIGO



expropiación e urbanización, así como para a redacción do Plan do Ensanche e do Proxecto construtivo do edificio VPP-dotacional de Barreiro, en función da anualidade correspondente.

A consignación para a redacción do PXOM límtase ó 5% do contrato inicial, destinada a realización do texto refundido final.

Engádesse unha partida para adxudicar un contrato de mediación para alugueiros sociais.

Consignase un ano mais, cun importe total de 407.116,32 euros para 2025, o servizo da Oficina de Rehabilitación da Vivenda

Prevense os gastos para o funcionamento dos servizos de natureza corrente (alugueiros, mantementos e conservación, material ordinario non inventariable, comunicacións, limpeza, seguridade, asistencias técnicas e outros contratos de servizo), así como as axudas de custos dos cargos directivos e de persoal. Consígnase o crédito dos contratos de limpeza do edificio da Xerencia, de seguridade e vixilancia, de mantemento da calefacción, dos ascensores e de copiadoras. Existe pois consignación suficiente para garantir o funcionamento normal da Xerencia de Urbanismo.

O resto de partidas do capítulo II non experimentan variacións respecto das consignacións iniciais do exercicio actual, destacándose a de execucións subsidiarias que ten o carácter de ampliable conforme coa Base 6ª das de Execución do Orzamento.

Este capítulo II representa o 17,30 % do Orzamento total do Organismo.

### **Capítulo VI. Investimentos reais.**

Neste capítulo inclúense investimentos financiados con cargo a fondos propios, tantos os necesarios para o funcionamento adecuado dos servizos urbanísticos (maquinaria e instalacións, mobiliario, equipos informáticos e reformas do edificio), como os que favorecen o desenvolvemento urbanístico: expropiacións e adquisicións de solo, cotas de urbanización a cargo do Concello e investimentos en bens do Patrimonio Municipal do Solo. Tamén se inclúe a parte dos programas de rehabilitación nos Entornos Residenciais de Rehabilitación Programada correspondente a gastos de Urbanización polos importes correspondentes á anualidade 2025.

No total do orzamento, as consignacións iniciais do capítulo VI de investimentos reais, supoñen un 10,39%, cun peso relativo similar ao do exercicio anterior, e experimentando un lixeiro descenso respecto de 2024, compensado pola suba do capítulo VII.

Os cambios incorporados ao capítulo VI respecto do orzamento 2024 son os seguintes:

Incorpóranse as partidas de gastos de urbanización nos ERRPs incluídos no programa de rehabilitación, polo importe das anualidades correspondentes ao ano 2024, que fan un total de 96.287,60 euros.

SERVIZOS  
CENTRAIS

XERENCIA MUNICIPAL DE  
URBANISMO

CONCELLO  
DE VIGO



As consignación dalgunhas partidas como “expropiacións” ou “investimentos en bens de uso público”, compénsase coa utilización do produto da xestión do patrimonio municipal do solo a través das correspondentes xeracións de crédito que se realizan ao longo do exercicio.

Mantense as partidas de equipos informáticos e reformas no edificio da Xerencia pola necesaria e permanente renovación destes equipos, así como pola necesidade de acondicionamento do inmovible sede do Organismo.

A utilización da partida “*Edificio Esturáns para alugueiro social*”, cun crédito inicial de 974.145,24 euros, está condicionada a obtención destes fondos na anualidade 2025 no Programa de axudas á construción de vivendas en alugueiro social en edificios enerxeticamente eficientes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea NextGenerationEU (Resolución de concesión de 1 de setembro de 2023 do IGVS e acordo asinado neste ano 2024). Partida de financiamento afectado conforme coa Base 6ª das de Execución do Orzamento.

## Capítulo VII. Transferencias de capital

Mantense as partidas destinadas a axudas a accesibilidade nos edificios cun crédito de 50.000 euros, e a subvencionar a iluminación de edificios históricos cunha dotación de 20.000 euros, sin variacións respecto do exercicio anterior.

Incorpórase unha partida cunha consignación inicial de 150.000 euros para axudas a adecuación de vivendas para alugueiro social.

Mantense as partidas correspondentes ás subvencións a particulares para rehabilitación de vivendas nos ERRPs de Casco Vello, Bouzas, Coia, Santa Clara, Beiramar, Espiñeiro-Teis, San Pablo, San Roque, A Salgueira, Fenosa, Gorxal e ACE, polos importes correspondentes á anualidade 2025. O importe total é de 1.996.236,80 euros, procedente dos fondos europeos Next Generation (importe xa ingresado), e incorpóranse ao orzamento inicial de acordo coas instrucións da Intervención Xeral do Estado e coa contrapartida en ingresos no concepto 87010 de Remanente de Tesourería afectado.

O capítulo VII de transferencias de capital ascende un 17,37%, pasando a ter un maior peso no Orzamento, cunha porcentaxe do 18,20% no total do Orzamento.

O total de gastos por operacións de capital sube un 6,55% e representa un 28,60% do importe total do Orzamento.

## Capítulo VIII. Activos financeiros.

Este capítulo recolle o importe máximo dos préstamos reintegrables concedidos ao persoal propio da Xerencia. O seu financiamento figura no concepto de ingresos que contempla a devolución dos devanditos préstamos. Supón o 0,26% do orzamento total.

SERVIZOS  
CENTRAIS

XERENCIA MUNICIPAL DE  
URBANISMO

CONCELLO  
DE VIGO



- II -

## ORZAMENTO DE INGRESOS

O Orzamento de Ingresos ascende a 12.174.969,64 euros, o que representa un incremento do 6,70% respecto do exercicio anterior.

Realízase a seguinte análise por capítulos:

### Capítulo III. Taxas e outros ingresos

Neste capítulo inclúense as taxas que gravan a expedición de documentos, a tramitación de licenzas (obras, primeiras ocupacións e actividades), as sancións por infraccións urbanísticas e as execucións subsidiarias. A porcentaxe nos totais é do 17,11 %.

Á vista da execución rexistrada no que vai do ano 2024, as previsións dos conceptos incluídos neste capítulo incrementáanse un 25,05% de media, en función da recadación acadada a 31 de xullo de 2024. Agás na taxa pola tramitación de licenzas de primeira ocupación, incrementáanse as previsións de ingresos deste capítulo 3 entre o 15 e o 50%. Destácase, polo seu peso neste capítulo, o incremento da recadación das taxas pola tramitación de licenzas de obras que a 30 de setembro é de 1,3 millóns de euros (fronte os 1.034.370,59 euros de recadación neta de 2023).

### Capítulo IV. Transferencias correntes

O importe do capítulo cuarto no total do orzamento representa un 52,24%. Neste capítulo figura a achega do Concello á Xerencia Municipal de Urbanismo por unha contía de 6.155,00 euros, o que representa un incremento do 2,5% respecto do mesmo concepto en 2024.

O concepto Transferencia Xunta PXOM, que recolle a achega da Xunta de Galicia recolle as últimas fases de redacción do documento, incluído o texto refundido final. Esta percepción está vinculada á execución do gasto (financiamento afectado) e a aprobación definitiva do PXOM prevista para este último trimestre de 2024. A percepción está condicionada á consecución de ambos fitos: aprobación definitiva e texto refundido final.

No seu conxunto, o capítulo IV experimenta un incremento do 2,04% respecto do ano 2023.

### Capítulo V. Ingresos patrimoniais

Recolle os xuros polos depósitos da Xerencia nas entidades financeiras, cun importe de 405.000,00 euros, o que supón unha porcentaxe do 3,33% sobre o total. As previsións

SERVIZOS  
CENTRAIS

XERENCIA MUNICIPAL DE  
URBANISMO

CONCELLO  
DE VIGO



reflectidas neste concepto derivan dunha imposición a prazo fixo efectuada co fin de rendibilizar o exceso de liquidez, mantendo a libre disposición dos fondos.

### Capítulo VII. Transferencias de capital

O concepto “Subvención construción edificio Esturáns alugueiro social”, cunha previsión inicial de 974.145,24 euros, procedentes dos Fondos Next Generation (de acordo coa Resolución de adxudicación de 1 de setembro de 2023 do IGVS e o Acordo de 19 de febreiro de 2024 asinado por representantes de Estado-Ministerio de Vivienda, se Xunta-IGVS e propio Concello de Vigo), constitúe o financiamento afectado para o gasto de igual importe na partida 1510.6800200.

O capítulo VII, no total do orzamento, representa un 8%, practicamente igual que no exercicio 2024.

### Capítulo VIII. Activos financeiros

Inclúe as devolucións dos préstamos concedidos ao persoal propio da Xerencia por un importe idéntico ao do exercicio anterior: 32.000 euros.

O concepto Remanente de Tesourería afectado ERRP, inclúe os ingresos procedentes dos fondos Next Generation recibidos en 2023 correspondentes á anualidade 2025. Acada un importe de 2.320.524,40 euros.

O Capítulo VIII increméntase un 8,56%, representando un 19,32% do total do Orzamento.

No lugar e data da sinatura electrónica

Juan González Ramírez, xefe dos Servizos Centrais da XMU